



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN. Modificación proxecto Reparación edificio escola laica 1ª fase.

Vista a comunicación da Deputación Provincial sobre emenda da documentación relativa a solicitude formulada por este Concello de Cabanas para o POS+2017, en relación coa obra "Reparación edificio da escola Laica 1ª fase", e despois da correspondente emenda das deficiencias observadas no proxecto técnico, tendo en conta que se está a tratar de cuestións técnicas que non afectan a finalidade do investimento nin a súa valoración económica, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co artigo 61.1 da Lei de Administración Local de Galicia e disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico corrixido da obra "Reparación edificio da escola Laica 1ª fase", redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo cun orzamento total de 88.061,16 euros e financiado con cargo ao apartado préstamo provincial 2017 do POS+2017.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice da presente resolución para a súa ratificación.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a doce de maio de dous mil de dezasete, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

(Documento asinado dixitalmente)